

# 6 / 6

Este número indicativo do risco do produto, sendo 1/6 indicativo de menor risco e 6/6 de maior risco.

•• A venda ou cancelación anticipada non é posible ou pode implicar perdas relevantes.

! Produto financeiro que non é sinxelo e pode ser difícil de comprender.

Triodos Bank NV é unha sociedade anónima domiciliada en Holanda e autorizada para operar como Entidade de crédito, que actualmente conta con sucursais en cinco países europeos. O capital social do banco está dividido en accións que son subscritas na súa totalidade por un socio único, a Fundación para a Administración das Accións de Triodos Bank (SAAT, nas súas siglas en holandés) para salvagardar a misión do banco, xa que a SAAT conserva os dereitos políticos das accións do banco.

Para posibilitar a participación de investidores particulares e institucionais no capital do banco, a Fundación emite Certificados de Depósito para Accións (CDA) que son títulos negociables non cambiabiles por accións. Cada CDA correspóndese cunha acción do banco e é obxecto de negociación nun mercado interno, sobre a base de que o prezo de transmisión ten que ser igual ao valor patrimonial contable en cada momento da acción subxacente en cada CDA (denominado “valor liquidativo”). A razón de esta fixación do prezo é impedir a especulación cos CDA, garantindo que as transaccións sobre os mesmos se efectúan en base a un prezo obxectivo.

Os CDA son un produto de investimento, non un produto de aforro bancario. Por este motivo, o investimento neles non está protexido nin garantido polo Fondo de Garantía de Depósitos ou similar. O tratamento dos CDA no país de emisión (Holanda) é o dun produto non complexo. En España realizamos aos nosos clientes unha valoración sobre a conveniencia do produto mediante un Test de Conveniencia.

Os CDA atribúen aos seus titulares:

- A. Os dereitos económicos das accións do banco.
- B. O dereito á asistencia á Xunta Xeral Anual de Accionistas e a expresarse nesta.
- C. O dereito a asistir á Xunta Anual de Titulares de CDA e a ratificar os membros da SAAT. (propostos polo Comité Executivo de Triodos Bank NV).

## RESUMO DE ELEMENTOS DE RISCO ASOCIADOS AOS CDA

### RENTIBILIDADE

A rentabilidade dos CDA está ligada á das accións do banco. Depende, por tanto, dos resultados económicos de Triodos Bank en cada exercicio. Esta rentabilidade é variable e podería ser nula no caso de que o banco non obtivese beneficios, xa que entón non se poderían repartir estes nin se incrementaría o valor dos CDA cos beneficios non repartidos. A rentabilidade histórica foi positiva, mais compre saber que as rentabilidades pasadas nunca garanten rentabilidades futuras.

### SEGURIDADE

No caso de se produciren resultados económicos negativos (perdas) do banco, o valor/prezo de cada CDA, que é esencialmente coincidente co valor neto contable de cada acción do banco, pódese reducir e, polo tanto, poderíase perder parte ou todo o diñeiro investido, xa que o valor dos CDA depende do valor patrimonial de Triodos Bank. De experimentar perdas o banco, o valor dos CDA reduciríase e podería colocarse por debaixo do custo de adquisición do CDA. Esta posibilidade negativa tamén ocorre coas accións adquiridas en Bolsa, pero no caso destas non depende só do valor patrimonial da empresa que emite as accións, senón tamén das variacións e especulacións nos mercados. O valor dos CDA foise incrementando cada ano, mais isto non garante que non poidan perder valor nun momento determinado.

### LIQUIDEZ

Los CDA non cotizan en mercados secundarios oficiais, senón que só se poden comprar ou vender no mercado interno de CDA que xestiona o propio banco (Triodos Bank NV) en Holanda por delegación do emisor (SAAT). Triodos Bank NV Sucursal en España actúa como mero comercializador dos CDA en España. En principio, a liquidez do produto é máis limitada que a de outros produtos que cotizan en mercados oficiais ou sistemas multilaterais de negociación, xa que estes están abertos a todo o público en xeneral e cotizan en mercados secundarios organizados. Outra importante diferenza dos CDA coas accións e demais produtos de investimento que cotizan en Bolsa é que os CDA están afectados pola medida antiespeculativa, consistente en que no mercado interno de CDA hai que vendelos a un prezo fixo predeterminado en cada momento e coincidente co valor contable publicado polo banco. Por iso non se pode baixar o prezo de venda cando se pretende vender e facer líquido o produto rapidamente (o que si se pode facer coas accións que cotizan en mercados secundarios oficiais). Con todo, os CDA contan, desde o punto de vista da liquidez, coa vantaxe de que o propio Triodos Bank mantén unha reserva económica (coñecida como buffer), consistente nunha cantidade de diñeiro que se aproba en cada Xunta de Accionistas Anual, e que ascende a un 2 % do capital do banco. Este buffer pódese usar Triodos Bank para comprar CDA aos titulares interesados na súa venda de forma que fagan líquido o produto con rapidez. Posteriormente, o banco coloca eses CDA entre terceiros interesados en adquirilos.

Ese depósito de liquidez para comprar CDA ten unha limitación cuantitativa e Triodos Bank resérvase o dereito a utilizalo para a finalidade mencionada, polo que **podería darse o caso de que o titular desexa vender CDA e non se poida levar a cabo a venda de inmediato.**

**No caso de que Triodos Bank NV se vise inmerso nun proceso especial de resolución de entidades de crédito contemplado na normativa europea ou española (Regulamento UE 806/2014 e Lei 11/2015 de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento) o valor dos CDA, como produtos de investimento non asegurados afectados ao réxime da normativa mencionada, podería reducirse a cero. Os CDA estarían sometidos á preferencia dos depósitos no banco nese tipo de procesos co que a súa posición no tocante á recuperación do investimento podería situarse en último lugar.**